

COORDINACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS

MEMORIA DE ACTIVIDADES

EXERCICIO 2024

ÍNDICE

ÍNDICE	3
PRESENTACIÓN	5
1. ACTIVIDADES DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA APLICACIÓN DAS NORMAS DE COORDINACIÓN	6
1.1. CONVOCATORIAS DE CONCELLOS INFORMADAS	6
1.2. CONVOCATORIAS UNITARIAS INFORMADAS	7
1.3. CONVOCATORIAS DE PROCESOS SELECTIVOS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL INFORMADAS	10
1.4. COLABORACIÓN INSTITUCIONAL	10
2. ACTIVIDADES DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN	26
2.1. GABINETE TÉCNICO	26
2.2. COMISIÓN DE COORDINACIÓN.	31
3. REXISTRO DE POLICÍAS LOCAIS DE GALICIA	39
4. PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS	47
4.1. CONVENIOS ASINADOS POLOS CONCELLOS	47
4.2. CONVOCATORIAS DE PROCESOS UNITARIOS	52
4.3. LISTAXES DE CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL	57
4.4. FORMACIÓN DE LISTAS DE FUNCIONARIOS ASPIRANTES A SER PROPOSTOS COMO MEMBROS VOLUNTARIOS DOS TRIBUNAIS NOS PROCEDEMENTOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	58
5. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN A TRAVÉS DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	59
5.1. CURSO SELECTIVO DE INGRESO NOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL DE GALICIA CORRESPONDENTE A 16 PROMOCIÓN DE POLICÍA LOCAL	59
5.2. CURSOS SELECTIVOS DE ACCESO AS CATEGORÍAS DE INSPECTOR E OFICIAL DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL DE GALICIA	63
5.3. FORMACIÓN CONTINUA POLICÍA LOCAL	66
5.4. FORMACIÓN CONXUNTA DO PERSOAL DA SEGURIDADE PÚBLICA DE GALICIA	69
6. ANEXO	73

PRESENTACIÓN

De acordo co previsto no artigo 19.5 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, preséntase a Memoria Anual das Actividades de Coordinación desenvolvidas durante o ano 2024 pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e a Academia Galega de Seguridade Pública.

No eido da colaboración institucional, salientar un ano máis a aplicación do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección do persoal dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local. Continúan a incrementarse os concellos que están a subscribir convenios para o desenvolvemento pola Academia Galega de Seguridade Pública dos procesos unitarios, téndose incorporado 6 novos concellos, de modo que a 31 de decembro de 2024 o número total de concellos que teñen delegadas as súas competencias nesta Academia é de 97.

No exercicio 2025 convocáronse, para a categoría de policía, 83 prazas por quenda libre e 32 para a provisión polo sistema de mobilidade; para a categoría de oficial, 15 prazas por promoción interna e 7 por mobilidade; para a categoría de inspector, 18 prazas por promoción interna e 6 por mobilidade; e para persoal auxiliar de policía, 127 prazas.

Compre salientar que no ano 2024 entrou en funcionamento o procedemento para a formación de listas de funcionarios aspirantes a ser propostos como membros voluntarios dos tribunais nos procedementos convocados pola Academia Galega de Seguridade Pública, dando cumprimento deste modo á demanda pola parte sindical e de asociacións dos corpos da Policía Local, acerca do nomeamento de vogais nos tribunais unitarios, supoñendo un fito na propia Administración autonómica.

Santiago Villanueva Álvarez
Director xeral de Emerxencias e Interior
Vicepresidente da Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia

1.ACTIVIDADES DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA APLICACIÓN DAS NORMAS DE COORDINACIÓN

1.1. CONVOCATORIAS DE CONCELLOS INFORMADAS

Concello	Categoría	Libre	P. Interna	Mobilidade	Data informe
Ares	Policía local	3			20/09/2024
Arteixo	Intendente		1		15/11/2024
Boiro	Policía local		2		27/12/2024
Culleredo	Policía local		4		25/06/2024
Culleredo	Policía local	3		1	04/09/2024
Lugo	Inspector		2		10/07/2024
Monforte	Policía local			2	21/10/2024
O Porriño	Inspector principal		1		01/02/2024
O Porriño	Policía local		1		01/03/2024
Oleiros	Policía local	4			10/07/2024
Oleiros	Policía local			1	10/07/2024
Pontevedra	Policía local			1	14/11/2024
Pontevedra	Policía local		2		23/12/2024
Sarria	Policía local	2			10/12/2024
Soutomaior	Policía local		1		30/09/2024

1.2. CONVOCATORIAS UNITARIAS INFORMADAS

1.2.1 BASES PARA O ACCESO POR OPOSICIÓN LIBRE E PROVISIÓN POR MOBILIDADE NOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL DE GALICIA, ESCALA BÁSICA, CATEGORÍA DE POLICÍA.

Data informe: 19/04/2024.

A relación de prazas incluída nas ditas bases é a seguinte:

Concello	Mobilidade	Libre
A Coruña	6	12
A Guarda	1	
A Laracha	2	
Baiona		1
Bergondo		1
Betanzos		2
Boiro	1	6
Bueu	1	3
Cambre		1
Cangas		3
Carballo	3	5
Cedeira		1
Chantada		2
Lugo	3	7
Malpica de Bergantiños		1
Marín	1	1
Melide	1	

Concello	Mobilidade	Libre
Moaña	1	1
Narón	1	2
O Barco de Valdeorras		1
Ponteareas		1
Pontedeume	1	
Pontevedra		9
Redondela	1	
Ribeira	1	1
Sada	1	2
Santiago de Compostela	3	9
Teo		2
Tui	1	
Vigo	3	8
Vilagarcía de Arousa		1
TOTAL	32	83

1.2.2 BASES PARA O ACCESO POR PROMOCIÓN INTERNA E PROVISIÓN POR MOBILIDADE NOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL DE GALICIA, ESCALA BÁSICA, CATEGORÍA DE OFICIAL.

Data informe: 23/07/2024.

Relación de prazas:

Concello	Mobilidade	Libre
A Guarda	1	
A Illa de Arousa	1	

Concello	Mobilidade	Libre
Boiro	2	
Carballo		1
Lugo	1	3
Santiago de Compostela		3
Vigo	2	8
TOTAL	7	15

1.2.3 BASES PARA O ACCESO POR PROMOCIÓN INTERNA E PROVISIÓN POR MOBILIDADE NOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL DE GALICIA, ESCALA EXECUTIVA, CATEGORÍA DE INSPECTOR/A.

Data informe: 23/07/2024.

Relación de prazas:

Concello	Mobilidade	Libre
Boiro	1	
O Barco de Valdeorras		1
Sada		1
Santiago de Compostela	1	3
Vigo	1	4
TOTAL	3	9

1.3 CONVOCATORIAS DE PROCESOS SELECTIVOS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL INFORMADAS

1.3.1 CONVOCATORIAS DE CONCELLOS INFORMADAS

Concello	Nº prazas	Data Informe
As Pontes de García Rodríguez	5	16/02/2024
Ares	3	12/06/2024
Chantada	2	08/04/2024
Monforte de Lemos	6	13/03/2024
Oleiros	4	26/03/2024

1.3.2 CONVOCATORIAS UNITARIAS:

Con data do 01/03/2024, emitiuse informe sobre as bases do proceso selectivo unitario para a provisión mediante contrato laboral temporal de postos de Auxiliares da Policía Local, das que se convocaron 127 prazas en diferentes concellos.

1.4 COLABORACIÓN INSTITUCIONAL

1.4.1 CONSULTAS ATENDIDAS NO MARCO COMPETENCIAL ESTABLECIDO POLA NORMATIVA DE COORDINACIÓN

1.4.1.1. Funcións da Policía Local

CONSULTA:

Recíbese consulta sobre as funcións que debe de realizar a Policía Local, con especial referencia á que ten que ver coa realización de tarefas de carácter administrativo e a tramitación de procedementos administrativos.

RESPOSTA:

Infórmase sobre a normativa reguladora das funcións da policía local, artigo 53 da Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade e artigo 8 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais (en diante, LCPL).

Ademais, deberá terse en conta o disposto no artigo 25 da LCPL e, respecto do xefe do corpo da policía local, o establecido no seu artigo 27.

En canto ás funcións propias do persoal da policía local en segunda actividade, regúlanse no artigo 75 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

Así mesmo, infórmase que respecto ao réxime xurídico do persoal dos corpos de policía local, tamén resulta de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, como se dispón no seu artigo 7.

1.4.1.2. Validez de titulación para o acceso á categoría de inspector da policía local

CONSULTA:

Recíbese consulta sobre a validez do título propio da Universidade de Santiago de Compostela de Diplomado Superior en Criminoloxía expedido o 1 de outubro de 2014, para acceder á categoría de inspector da Policía Local.

RESPOSTA:

Para o acceso á categoría de inspector da policía local, pertencente ao subgrupo A2, é necesario estar en posesión do título de Grao, ou ben, dalgunha das titulacións anteriores de enxeñería técnica, diplomatura universitaria, arquitectura técnica ou equivalente, considerándose equivalente ao título de diplomado universitario ter superados tres cursos completos de licenciatura.

Por Orde do 19 de novembro de 1996 declárase equivalente o Diploma Superior de Criminoloxía ao título de Diplomado Universitario, aos únicos efectos de tomar parte nas probas de acceso aos Corpos, Escalas e Categorías das Forzas e Corpos de Seguridade dependentes das distintas Administracións Públicas, para cuxo ingreso se esixa o título de Diplomado Universitario ou equivalente, sempre que se cumpran determinados requisitos.

A Orde ECD/775/2015, do 29 de abril, derroga a Orde do 19 de novembro de 1996, aínda que establece que seguirá sendo de aplicación aos diplomas que se obteñan tras cursar os ensinos que reúnan os requisitos establecidos na mesma, expedidos a estudantes que iniciasen os estudos con anterioridade á data de entrada en vigor desta orde, que se produciu o 2 de maio de 2015, ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

De acordo co disposto nestas ordes, os requisitos que deben cumprir os ensinos conducentes á obtención do Diploma Superior de Criminoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) que presenta o interesado, para que se considere equivalente ao título oficial de Diplomado Universitario aos únicos efectos do acceso aos Corpos e Forzas de seguridade, serán os seguintes:

1. Que os estudos se houberen iniciado con anterioridade á data de entrada en vigor da Orde ECD/775/2015, é dicir, antes do 2 de maio de 2015.
2. Que para o ingreso no devandita ensino se esixira estar en posesión do título de Bacharel, previsto na Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOGSE), do antigo título de Bacharel Superior, ou obter avaliación positiva no Curso de Orientación Universitaria, ou superado as probas de acceso para maiores de vinte e cinco anos de idade.

3. Que teña unha carga lectiva mínima de mil oitocentas horas ou unha duración de, polo menos, tres cursos académicos.

4. Que o Diploma Superior en Criminoloxía fora expedido por unha universidade ou centro dependente desta ou legalmente autorizado.

De acordo con todo o indicado, considérase que o título propio de Diploma Superior de Criminoloxía da Universidade de Santiago de Compostela que presenta o interesado é válido para o acceso á categoría de inspector da policía local.

1.4.1.3. Requisitos para participar na mobilidade

CONSULTA:

Recíbese consulta sobre a interpretación do artigo 43.4.c) da LCPL, que regula os requisitos para participar nos procesos de mobilidade.

RESPOSTA:

O requisito de "Levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino" que se esixe para participar nos procesos de mobilidade horizontal (artigo 43.4.c) da LCPL e 38 do Decreto 15/2023), debe interpretarse no sentido de ocupar de forma real o destino definitivo durante un tempo mínimo de máis de tres anos, que han de ser sen interrupción. Non resulta esixible que este período sexa inmediatamente anterior ao momento da participación nun procedemento de mobilidade, polo que un/unha policía local que estea actualmente en comisión de servizos pero que prestara servizos efectivos e continuados no seu posto durante o período requirido podería participar no devandito procedemento.

1.4.1.4. Redución de xornada do persoal auxiliar de policía local

CONSULTA:

Se consulta sobre a posibilidade de que un auxiliar de policía reduza á súa xornada.

RESPOSTA:

Infórmase de que se as competencias da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior en materia de policía locais limítanse ao exercicio das funcións de coordinación que ten atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia. Estas funcións non alteran a dependencia do persoal municipal respecto do concello no que prestan servizos. Neste sentido, o artigo 1 da LCPL, establece que o obxecto da lei é regular a coordinación das policía locais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da súa dependencia das autoridades municipais e con pleno respecto ao principio de autonomía municipal.

1.4.1.5. Posibilidade de nomear policía locais interinos**CONSULTA:**

Recíbese consulta sobre a posibilidade de nomear policía locais como funcionarios interinos, para substituír baixas por incapacidade temporal.

RESPOSTA:

A LCPL no seu artigo 5 dispón que "Os policía locais son funcionarios de carreira dos respectivos concellos. Queda expresamente prohibida calquera outra relación de prestación de servizos coa Administración local, salvo o disposto para a contratación de auxiliares de Policía local nos termos recollidos no artigo 95 da presente lei." Á vista do establecido neste artigo, non é posible o nomeamento de persoal interino, sen prexuízo de que se estude esta posibilidade nunha futura modificación da normativa de coordinación.

1.4.1.6. Integración de auxiliar de policía como policía local

CONSULTA:

Recíbese consulta sobre a posibilidade de integración dun auxiliar de policía como policía local mediante concurso-oposición.

RESPOSTA:

O auxiliar de policía local, funcionario de carreira, non cumpría no seu momento os requisitos esixidos para a súa integración no corpo de Policía Local, segundo o establecido na disposición adicional segunda da LCPL, e da transitoria terceira do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que a desenvolvía, e no Anexo VI da Orde de 28 de xaneiro de 2009. Circunstancias pola cal non se integrou no corpo da Policía Local, como si sucedeu con outros auxiliares trala realización do oportuno proceso selectivo.

Como conclusión, infórmase de que o ingreso na categoría de policía local do auxiliar de policía ao que se refire a consulta unicamente é posible polo sistema previsto no artigo 35 da LCPL.

1.4.1.7. Posibilidade de colaboración na tramitación dunha información reservada

CONSULTA:

Recíbese consulta sobre a posibilidade deste centro directivo de colaborar e tramitar un procedemento informativo e de actuacións previas, o cal a súa apertura foi acordada por resolución da Alcaldía do correspondente concello, ante a falta de recursos humanos para facelo.

RESPOSTA:

Infórmase que o dito asunto se trata dunha incidencia de réxime interno do concello que queda fóra do ámbito competencial deste departamento na materia de coordinación de policía locais.

As competencias da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior en materia de policía locais límitanse ao exercicio das funcións de coordinación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia. Estas funcións non alteran a dependencia do persoal municipal respecto do concello no que prestan servizos. Neste senso, o artigo 1 da LCPL, establece que o obxecto da lei é regular a coordinación das policía locais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da súa dependencia das autoridades municipais e con pleno respecto ao principio de autonomía municipal.

Lémbrese que no caso de que o concello non conte con medios suficientes para a tramitación do procedemento informativo e de actuacións previas que pretenden iniciar poden acudir ao mecanismo da asistencia e cooperación xurídica e técnica previstos no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.

1.4.1.8. Control aos concellos que contraten auxiliares de policía

CONSULTA:

Recíbese consulta respecto a posibilidade desta Dirección Xeral de levar a cabo o control necesario aos concellos que contraten auxiliares e que estean prestando servizos na vía pública sen estar acompañados dun funcionario de policía.

RESPOSTA:

As funcións de coordinación que esta administración realiza en relación cos auxiliares de policía local son as contempladas na LCPL, referida á súa selección, formación, uniformidade e, especialmente, á autorización da súa contratación nos supostos contemplados no artigo 95 da citada lei. É dicir, cando o seu número excede do 50% do persoal do corpo de Policía Local, ou ben, se a súa contratación excede dos 4 meses nun ano natural.

Neste senso, o punto 3º do citado artigo 95 sinala que “Os auxiliares de Policía local desempeñarán as funcións de apoio e de auxilio aos membros do corpo de Policía local no marco do disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade”, circunstancias que se fan constar expresamente nas resolucións que autorizan a contratación dos auxiliares de policía, e que se comunican aos concellos.

Non obstante, a contratación e o desenvolvemento e control material das funcións deste persoal corresponde a cada concello, no ámbito das súas potestades de autoorganización e con respecto á autonomía local, recoñecida constitucionalmente, tal como se sinala no artigo 17 da citada lei 4/2007, do 20 de abril.

1.4.1.9. Informe sobre cobertura de postos mediante comisión de servizos

CONSULTA:

Recíbese consulta respecto á posibilidade de ofertar dúas prazas de oficiais en comisión de servizo.

RESPOSTA:

A LCPL e á súa normativa de desenvolvemento non regula esta forma de cobertura temporal de postos, polo que haberá de estarse ao establecido na normativa xeral de función pública:

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba el texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, artigo 81.3
- Lei 2/2015, de 29 abril, de Emprego Público de Galicia, artigo 96
- Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das

entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico

- Así mesmo, indícase que se deberá ter en conta a sentenza do Tribunal Supremo do 24 de xuño de 2019 (nº resolución 873/2019, ditada no recurso 1594/2017)

1.4.1.10. Acceso á categoría de inspector

CONSULTA:

Recíbese consulta sobre o artigo 38 da LCPL, para o acceso á praza de inspector da policía local.

RESPOSTA:

O artigo 38 da LCPL, establece a seguinte orde de prelación:

1. Promoción interna
2. Mobilidade regulada no artigo 43, que pode coexistir na mesma convocatoria co proceso de promoción interna e neste caso, de quedar vacantes no sistema de mobilidade, estas acrecerán ás de promoción interna.
3. Concurso-oposición entre o persoal do corpo coa categoría de oficial e policía, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.
4. Mobilidade con ascenso, mediante concurso-oposición, por persoal funcionario doutros corpos de Policía local de Galicia coa categoría de oficial, en posesión da titulación académica de acceso e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.

1.4.1.11. Acceso á categoría de inspector coa superación de 180 créditos dunha titulación de Grao

CONSULTA:

Recíbese consulta respecto da posibilidade de acceder á categoría de inspector da policía local coa superación de 180 créditos dunha titulación de Grao.

RESPOSTA:

Para o acceso á categoría de inspector da policía local, pertencente ao subgrupo A2, é necesario estar en posesión do título de Grao, segundo establece con carácter básico o artigo 76 do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).

Pero a disposición transitoria terceira do EBEP dispón que para o acceso á función pública seguirán sendo válidos os títulos universitarios oficiais anteriores.

Por iso, unha certificación académica expedida pola Universidade acreditativa de superar os tres primeiros cursos ou o primeiro ciclo dunha Licenciatura, sempre que conteña unha carga lectiva mínima de 180 créditos, constituiría título suficiente equivalente para participar nas probas selectivas de acceso a Corps ou Escalas do Subgrupo A2.

Agora ben, esta equivalencia establecida nas normas citadas fai referencia ás titulacións oficiais anteriores, é dicir Licenciado, Arquitecto ou Enxeñeiro, non á titulación de Grao, á que non resulta aplicable.

O que confirma o artigo 76 do EBEP antes mencionado, que esixe para o ingreso nos corpos ou escalas clasificados no subgrupo A2 o título de Grao, o que impide participar nos devanditos procesos selectivos a quen ten unicamente 180 créditos dos estudos conducentes á obtención dun Grao.

1.4.1.12. Informe sobre vixilantes municipais**CONSULTA:**

Recíbese consulta sobre a posibilidade de integración de vixilantes municipais como policía locais

RESPOSTA:

A Disposición adicional segunda da LCPL, respecto á integración dos vixiantes nos corpos de Policía local dispón o seguinte:

“Os/As vixiantes e auxiliares de policía e persoal interino cunha antigüidade mínima nestes postos de tres anos continuados na respectiva entidade local e que no momento da entrada en vigor da presente lei estean a prestar servizos no concello de que se trate integraranse no corpo de Policía local xa existente ou no que se cree, previa superación, nun prazo de dous anos desde a entrada en vigor da presente lei e por un máximo de dúas convocatorias, dun concurso-oposición con dispensa dos requisitos de idade e estatura.”

Este sería o único suposto de integración previsto na normativa de coordinación no que se contemplan prazos amplamente superados na actualidade. Trataríase, pois, dun proceso especial de integración, de temporalidade limitada, e que esixía, en todo caso, probas de acceso por concurso-oposición.

1.4.1.13. Cobertura praza de inspector de policía

CONSULTA:

Recíbese consulta sobre praza de Inspector e xefatura do corpo.

RESPOSTA:

A cobertura do posto de inspector deberá realizarse conforme o previsto no artigo 38 da LCPL. O sistema de mobilidade horizontal do artigo 43 da LCPL operaría sobre a promoción interna prevista no artigo 38 a) cando, conforme

dispón no propio artigo, a praza a cubrir acade a porcentaxe do vinte e cinco por cento de reserva obrigada para ser cuberta por mobilidade.

Existindo un único posto da categoría de inspector no corpo da policía local do concello e sendo o da máxima categoría, a este lle corresponderían as funcións de xefatura do corpo, sendo recomendable que esta circunstancia se recolla na relación de postos de traballo.

Con independencia do anterior, o concello no exercicio das súas potestades de autoorganización e ao abeiro do establecido no artigo 27 da LCPL, podería crear outro posto da categoría de inspector, coa forma de provisión de libre designación, atribuíndolle ás funcións de xefatura do corpo da policía local.

1.4.1.14. Forma de cubrir vacantes e reforzar a policía local

CONSULTA:

Recíbese consulta sobre fórmulas para cubrir vacantes de policía local.

RESPOSTA:

As formas de cubrir vacantes da escala básica, categoría de policía, de acordo coa LCPL, son o ingreso por oposición libre (artigo 35) e a mobilidade (artigo 43).

A comisión de servizos e un procedemento extraordinario de provisión de postos de traballo que non se regula na LCPL, nin na súa normativa de desenvolvemento, polo que haberá de estarse ao establecido na normativa xeral de función pública.

Por outra banda, sinalar que o artigo 6 da LCPL, recolle a posibilidade de que eventualmente, cando por insuficiencia temporal dos servizos sexa necesario reforzar a plantilla do corpo da policía local do concello, o alcalde pode chegar

a acordos con outros concellos para que policía locais destes últimos poidan actuar no ámbito territorial do concello solicitante por tempo determinado.

Pola súa parte, o artigo 22 bis da LCPL, regula os acordos de colaboración para a prestación de servizos de policía local.

1.4.1.15. Consulta relativa á mobilidade

CONSULTA:

Recíbese consulta acerca da posibilidade dun policía local de presentarse aos procesos de promoción interna no concello de destino e de orixe cando se obtén destino por mobilidade.

RESPOSTA:

A mobilidade horizontal é un sistema de provisión de postos e non de acceso, polo que non se adquire a condición de funcionario da administración de destino. Non obstante, o concello onde obteña destino por mobilidade pode integralo como persoal propio se así o considera. Neste último caso, podería presentarse aos procesos de promoción interna sempre que reúna os requisitos esixidos na normativa.

En canto a participar nos procesos de promoción interna convocados polo seu concello de orixe, non é posible porque non está en servizo activo nese concello, consonte co disposto no artigo 33 da LCPL, no Ditame 55/2023 do Consello Consultivo e na sentenza da sá do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo 1374/2020, do 21/10/2020, ditada no recurso 4300/2018.

1.4.1.16. Participación en procesos de mobilidade

CONSULTA:

Posibilidade de presentarse de novo á mobilidade desde o concello de destino obtido por dito procedemento unha vez transcorrido o tempo de permanencia ou é necesario reincorporarse ao concello de orixe para participar noutros procesos.

RESPOSTA:

Para participar nos procesos de mobilidade horizontal deben cumprirse os requisitos do artigo 43.4 da LCPL, nos que non se recolle que teña que reincorporarse ao concello de orixe.

1.4.1.17. Reincorporación ao concello de orixe tras un proceso de mobilidade

CONSULTA:

Reincorporación ao concello de orixe tras obter destino por mobilidade sen levar máis de tres anos continuados en dito concello e posibilidade de participar nun novo proceso de mobilidade.

RESPOSTA:

Quen obtén un posto por mobilidade debe permanecer no destino obtido o tempo requirido para poder volver a participar noutro proceso de provisión polo mesmo sistema, tal e como establece o artigo 43 da LCPL.

1.4.1.18. Situación administrativa no caso de obter destino por mobilidade

CONSULTA:

Situacións administrativas nas que se pode atopar un policía local que obtén destino por mobilidade.

RESPOSTA:

O artigo 43.7 da LCPL establece que o persoal funcionario que ocupe prazas ofertadas por mobilidade horizontal quedará na súa administración de orixe na situación de servizos noutras administracións públicas.

1.4.1.19. Remoción do posto do policía local con destino obtido por mobilidade

CONSULTA:

Posibilidade de que un policía local cun destino obtido por mobilidade sexa removido do posto nos termos do artigo 94 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia.

RESPOSTA:

A Lei de emprego público de Galicia é de aplicación a todo o persoal funcionario das entidades locais, incluíndo á policía local consonte co disposto no seu artigo 7, e nos termos que nel se establecen.

1.4.1.20. Excedencia por interese particular

CONSULTA:

Posibilidade de solicitar excedencia por interese particular no concello no que se obteña destino por mobilidade e reserva do posto.

RESPOSTA:

A excedencia voluntaria por interese particular é unha situación administrativa que non ten reserva do posto de traballo e cuxa concesión está subordinada ás necesidades do servizo.

2. ACTIVIDADES DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN

2.1. GABINETE TÉCNICO

Recóllese a continuación a acta da reunión do Gabinete Técnico, que tivo lugar o 10 de maio de 2024.

ACTA DA REUNIÓN DO GABINETE TÉCNICO (PENDENTE DE APROBACIÓN)

Data: 10 de maio de 2024

Hora de comezo: 10:00 h.

Hora de remate: 10:40

Lugar: Sala de Xuntas da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
Rúa Roma, 25-27 - Santiago de Compostela

ASISTENTES:

Presidente:

- Andrés Iglesias López
Subdirector Xeral de Seguridade e Coordinación

Vogais:

- Jeanette M^a Guardado Calvo
Xefa do Servizo Técnico-Xurídico. Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- María Cobas Garabal
Servizo de Réxime Xurídico e Xestión de Persoal Funcionario con Habilitación de Carácter Nacional. Dirección Xeral de Administración Local
- Mónica Castro Pérez

Xefa do Servizo de Formación en Seguridade Pública da Academia Galega de Seguridade

- José Antonio Brandariz Castelo
Superintendente do Corpo da Policía Local da Coruña

Secretario:

- Octavio Pérez Posse
Xefe do Servizo de Seguridade. Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Inicia a sesión o Presidente recordando que a acta da sesión anterior, do 4 de maio de 2023, considerouse aprobada nesa reunión, ao enviarse por correo electrónico aos membros do órgano e manifestar estes á súa conformidade ao texto polo mesmo medio. A continuación, pasa a examinar os asuntos da orde do día:

1. Exame dos asuntos a incluír na próxima reunión da Comisión de Coordinación:

1.1. Memoria das actividades de coordinación do ano 2023.

O presidente explica que a memoria das actividades de coordinación ten que presentarse anualmente e fai un breve resumo do seu contido indicando que se publicará na páxina web da consellería.

Non se formulan observacións.

1.2. Distincións.

1.2.1. Informar sobre a concesión do distintivo de permanencia no servizo policial

Indica o presidente que o distintivo de permanencia concederase este ano a 52 policía locais de 19 concellos, recordando que se concede aos membros dos corpos das policía locais que leven 25 anos de servizos efectivos e carezan de antecedentes.

Pregunta José Antonio Brandariz, o motivo polo que unicamente se entregan as distincións de permanencia de 25 anos cando o vixente Decreto recolle tamén este distintivo ao cumprir 15 e 35 anos.

Acláralle o presidente que non é posible outorgar as distinción de permanencia de 15 e 35 anos en tanto non se dite a norma que as describa e que no seu momento poderán concederse a aqueles policíaas que cumpran os requisitos desde a entrada en vigor do actual Decreto.

1.2.2. Valoración e informe das propostas á Medalla ao Mérito da Policía Local:

Expón o presidente que se recibiron solicitudes de cinco concellos para o outorgamento de distincións e que unha vez examinadas, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior propón tramitar a concesión das Medallas ao Mérito da Policía Local solicitadas polos concellos da Estrada e Marín. Con respecto ás restantes solicitudes formuladas polos concellos de Malpica, Viveiro e Xinzo de Limia, a dirección xeral resolveu non iniciar o procedemento para a concesión.

1.2.2.1. Proposta de concesión a un policía local do Concello da Estrada

Sinala o presidente que o Concello da Estrada solicitou a concesión da Medalla ao Mérito para un policía dese concello (Pedro Abal López), pola súa intervención na defensa dunha parella ante o ataque dun can perigoso. Por entender que se dan as condicións para o outorgamento da distinción, pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior realizouse proposta de concesión, que se achegou coa convocatoria e que se somete á consideración do Gabinete Técnico.

O Gabinete non formula observacións.

1.2.2.2. Proposta de concesión a dous policíaas locais do Concello de Marín

O presidente explica que o Concello de Marín solicitou a concesión da medalla ao mérito para dous policíaas (Santiago de la Fuente Freiria e Julio Castro Loira), pola súa intervención na que evitaron a fuga do presunto autor da morte dunha muller. Indica que por entender que se dan as condicións para o outorgamento da distinción, pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior realizouse proposta de concesión, que se achegou coa convocatoria, e que se somete á consideración do Gabinete Técnico.

O Gabinete non formula observacións.

1.2.2.3. Dar conta das resolucións polas que se acorda non iniciar o procedemento para a concesión de distincións respecto das solicitudes formuladas polos concellos de Malpica, Viveiro e Xinzo de Limia

Se da conta pola presidencia das resolucións da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior enviadas coa convocatoria, polas que se decidiu non iniciar o procedemento

para a concesión de distincións respecto das solicitudes formuladas polos seguintes concellos:

- Concello de Malpica, que solicitou unha distinción para dous policía locais do Concello de Carballo que se atopaban prestando servizos nese concello en virtude dun convenio de colaboración, pola súa participación no rescate e reanimación dunha persoa que se estaba a afogar na praia de Canido.
- Concello de Viveiro, que presentou unha solicitude de concesión da Medalla ao Mérito ao xefe da policía local pola súa intervención na busca e rescate dunha persoa desaparecida.
- Concello de Xinzo de Limia, que solicitou a concesión da Medalla ao Mérito a un oficial da policía local pola súa longa traxectoria profesional.

Respecto da solicitude formulada polo Concello de Xinzo de Limia explica o presidente que hai que ter en conta tamén o disposto no artigo 93 do Decreto, que dispón que ten que tratarse de feitos excepcionais ou de particular relevancia que non formen parte das funcións normais do traballo, pois para o recoñecemento das traxectorias profesionais están os distintivos de permanencia.

Non se formulan observacións polo Gabinete.

1.2.2.4. Dar conta dos procesos unitarios desenvolvidos ao abeiro do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma cos concellos na selección dos membros dos corpos da policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local.

De acordo cos datos facilitados por la Agasp, no ano 2023 realizáronse procesos selectivos unitarios para as categorías de policía, oficial, inspector, así como de vixiantes municipais e de auxiliares de policía, facilitando o presidente os seguintes datos:

- No proceso de auxiliares de policía cubríronse 96 prazas en 21 concellos.
- Na categoría de Policía local, por acceso libre cubríronse 89 prazas en 24 concellos e por mobilidade 22 prazas en 8 concellos.
- Na categoría de Oficial, cubríronse 8 prazas por promoción interna en 8 concellos.
- De Vixiante municipal convocouse unha praza de acceso libre que foi cuberta.
- Da categoría de Inspector convocáronse dúas prazas de promoción interna de dous concellos que quedaran vacantes na convocatoria do ano 2022, polo que se convocaron pola terceira e cuarta vía previstas no artigo 38 da Lei de coordinación de policía locais.

1.2.2.5. Informar sobre a Resolución do 18 de marzo de 2024, pola que se establecen as bases do procedemento para a formación de listas de funcionarios aspirantes a ser propostos como membros voluntarios dos tribunais nos procedementos selectivos convocados por esta academia.

Recorda o presidente que este procedemento ten por obxecto designar ao vogal titular e suplente dos tribunais dos procesos unitarios que é nomeado a proposta da Comisión de Coordinación das Policía Localis.

Explica que a Resolución foi publicada el 1 de abril de 2024, finalizando o prazo de presentación de solicitudes o 29 de abril, estando actualmente en fase de baremación.

Aclara que poden solicitar a inclusión na listaxe persoal que non pertenza á policía local pero que unicamente sería designado naqueles casos en que non fora posible seleccionar a persoal da policía local.

2. Rogos e preguntas

Non se producen.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión.

2.2. COMISIÓN DE COORDINACIÓN.

Recóllese a continuación a acta da reunión da Comisión de Coordinación de Policía Local de Galicia que se reuniu o 14 de maio de 2024, na Academia Galega de Seguridade Pública.

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN DAS POLICÍAS LOCAIS DE
GALICIA
(PENDENTE DE APROBACIÓN)

Día: 14 de maio de 2024

Hora: 11:30 h

Lugar: Sala de xuntas da Academia Galega de Seguridade Pública (A Estrada)

ASISTENTES:

VICEPRESIDENTE

- D. Santiago Villanueva Álvarez
Director xeral de Emerxencias e Interior

VOGAIS

REPRESENTACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

- D.^a Vanessa Cal Ríos
Vicesecretaria xeral da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- D.^a Natalia Prieto Viso
Directora Xeral de Administración Local
- D. Andrés Iglesias López
Subdirector xeral de Seguridade e Coordinación. Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

REPRESENTACIÓN DOS CONCELLOS

- D. Xan Duro Fernández
Concelleiro. Concello de Santiago de Compostela
- D. José Manuel Fernández Fernández

Inspector. Concello de Lugo

- D.^a María Montserrat Paz Romero
Concelleira. Concello da Coruña
- D. Alberto Otero Carneiro
Concelleiro. Concello do Carballiño
- D. Manuel Lorenzo Varela
Alcalde de Chantada
- D. José María Sánchez Novo.
1º Tenente de Alcalde. Concello de Arteixo

REPRESENTACIÓN DO PERSOAL DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL

- D. Xoan Carlos Bouso Carballeira
CSIF
- D. Antonio Millares Jorge
CCOO
- D. José Luis Castro Eitor
CIG
- D. Pergentino Martínez Pampillón
UGT
- Francisco García Rodríguez
Asociación Profesional de Xefes e Mandos dos Corpos de Policía local
(AXEMPOL)
- D. Carlos Álvarez Álvarez
Asociación Profesional "Unión Galega de Policías Locais" (UGPOL)

OUTROS ASISTENTES

- Dna. Mónica Castro Pérez
Xefa do Servizo de Formación en Seguridade Pública da Academia Galega de Seguridade Pública. Asiste como persoal técnico.

SECRETARIO

- D. Octavio Pérez Posse
Xefa do Servizo de Seguridade da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

CONSTITUCIÓN:

Coa asistencia das persoas sinaladas nas representacións indicadas e acadado o *quorum* necesario para a válida constitución da Comisión en primeira convocatoria,

ábrese o acto polo Vicepresidente. De seguido procédese ao desenvolvemento da reunión segundo a orde do día da convocatoria que foi obxecto de exame polo Gabinete Técnico, como órgano adscrito á consellería competente en materia de seguridade, na reunión do pasado 4 de maio de 2024.

1.- Aprobación da acta da sesión do 11 de maio de 2023

Apróbase a acta coa seguinte rectificación, por petición do representante de CCOO:

Na acta, no apartado "6.- Rogos e preguntas", no parágrafo quinto, onde di "persoal indefinido non fixo" debe dicir "persoal indefinido discontinuo".

2.- Memoria das actividades de coordinación do ano 2023

O vicepresidente presenta a memoria das actividades de coordinación na Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2023, que foi remitida xunto coa convocatoria a todos os membros da Comisión de Coordinación, explicando á súa estrutura e contido.

Con respecto á aplicación informática do Rexistro das Policías locais de Galicia, á que se fai referencia na memoria, informa dos municipios dados de alta e recorda importancia de que os concellos se dean de alta na aplicación e manteñan actualizados os datos para que o labor de coordinación poida realizarse de forma efectiva.

O representante da CIG sinala que é preciso unha revisión dos datos do cadro de persoal que se inclúe na memoria, indicando respecto aos datos do Concello de Santiago de Compostela, que non figura á praza de Intendente, que está ocupada desde hai tres anos e que figura unha muller como oficial cando hai catro anos que é inspectora.

O vicepresidente infórmalle de que a actualización e a carga de datos corresponde aos concellos e que se lles recordará para que procedan a actualizalos.

O representante de CCOO expón que nos últimos anos figuran na memoria datos de homes e mulleres desagregados, observándose que a presenza da muller na policía local é moi baixa en canto está nunha media do 10% co que hai unha infrarrepresentación, polo que é necesario que se estudie se as probas físicas poden supoñer un obstáculo para o acceso da muller á policía e tomar medidas de ser o caso.

Contesta o vicepresidente que se eliminou o requisito da estatura e que na última convocatoria obsérvase un incremento de mulleres que espera que se consolide, independentemente de que se poida constituír un grupo de traballo para estudar esta cuestión.

3.- Distincións:

3.1 Informar sobre a concesión do distintivo de permanencia no servizo policial

O vicepresidente da conta dos distintivos de permanencia que se van conceder neste ano aos policías que teñen cumpridos 25 anos de servizos unha vez comprobada pola dirección xeral a documentación remitida polos concellos. Informa que se outorgará o distintivo a un total de 52 policías locais e que se está a traballar para poder conceder o ano que ven os distintivos de 15 e 35 anos creados no novo Decreto.

3.2 Valoración e informe das propostas á Medalla ao Mérito da Policía Local

Recorda o vicepresidente que nas medallas ao mérito vense mantendo un criterio restritivo para á súa concesión, que ten que ser por méritos ou actividades extraordinarias e non simplemente pola realización de actividades vencelladas ao servizo.

Informa de que se presentaron solicitudes de concesión de medallas polos concellos de Malpica, A Estrada, Marín, Viveiro e Xinzo de Limia e que destas solicitudes formulouse pola dirección xeral proposta de concesión respecto das presentadas polos concellos da Estrada e de Marín, mentres que respecto das outras tres decidiuse non iniciar o procedemento para a súa concesión por considerar que se tratou de actividades ordinarias da policía local.

3.2.1. Proposta de concesión a un policía local do Concello da Estrada

Comenta que o Concello da Estrada solicitou a concesión da placa ou da Medalla ao Mérito Policial para un policía dese concello (Pedro Abal López), pola súa intervención na defensa dunha parella ante o ataque dun can perigoso. Informa o vicepresidente de que pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior formulouse proposta de concesión da Medalla ao Mérito da Policía Local por entender que se tratou dunha actividade por encima da natureza do servizo. Esta proposta foi examinada polo Gabinete Técnico, que non formulou observacións.

A Comisión non formula observacións e aproba a proposta.

3.2.2. Proposta de concesión a dous policías locais do Concello de Marín

Sinala o vicepresidente que o Concello de Marín solicitou a concesión da Medalla ao Mérito Policial a dous policías locais (Santiago de la Fuente Freiria e Julio Castro Loira), pola súa intervención na que evitaron a fuga do presunto autor da morte dunha muller, poñendo en risco á súa vida. Informa de que pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior formulouse proposta de concesión, que foi examinada polo Gabinete Técnico que non formulou observacións.

A Comisión non fai observacións e aproba a proposta.

